

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE DÚAS (2) PRAZAS DE SARXENTO/A DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, INCLUÍDAS NA 1ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (QUENDA LIBRE - CONCURSO OPOSICIÓN)****ANUNCIO CONVOCATORIA PROBAS FÍSICAS**

Convócase á persoa aspirante que superou o primeiro e segundo exercicio da oposición (**D. DIEGO LAGO BARCIELA**) á realización das probas de aptitude física, que darán comenzo o vindeiro **LUNS 2 DE FEBREIRO DE 2026 ÁS 12.00 horas**, no **Ximnasio do Complexo deportivo municipal das Travesas**, entrada pola rúa do Carme, Vigo.

As probas de aptitude física axustadas ao disposto nas Bases reguladoras do proceso selectivo levaranse a cabo de acordo co seguinte calendario:

LUNS 2 DE FEBREIRO DE 2026		Horario	Lugar	Acceso
1ª proba	Combinada (trepa de corda e dominadas)	12.00 horas	Ximnasio Complexo deportivo municipal das Travesas.	Entrada da rúa do Carme
2ª proba	Velocidade 10x5	12.15 horas	Ximnasio Complexo deportivo municipal das Travesas.	Entrada da rúa do Carme
3ª proba	400 m	13.30 horas	Pistas municipais de atletismo de Balaídos.	Rúa dos Olímpicos

MARTES 3 DE FEBREIRO DE 2026		Horario	Lugar	Acceso
4ª proba	2.000 m	12.00 horas	Pistas municipais de atletismo de Balaídos.	Rúa dos Olímpicos.

MÉRCORES 4 DE FEBREIRO DE 2026		Horario	Lugar	Acceso
5ª e 6ª probas	Espacio confinado e altura	10.00 horas	Patio do Parque de Bombeiros de Teis (Rúa Angel de Lema e Marina)	Entrada de vehículos
7ª proba	Natación 100 m	12.30 horas	Piscina municipal das Travesas	Entrada da rúa do Carme



TOMA DE MOSTRAS

Lémbrese que segundo o establecido nas Bases reguladoras do proceso selectivo “a toma de mostrase farase inmediatamente despois da realización das probas físicas, aínda que o órgano de selección resérvase a posibilidade de convocar ás persoas aspirantes que considere oportuno para a realización de probas de control de dopaxe en calquera momento da realización do exercicio. A resistencia ou negativa expresa por parte da persoa aspirante a realizar a citada proba, ou a súa non presentación á realización da mesma no lugar e tempo no que sexa convocado/a, de forma non xustificada validamente, suporá a exclusión inmediata do proceso selectivo”.

CERTIFICADO MÉDICO

Así mesmo de conformidade coas Bases reguladoras do proceso selectivo (Base IV das Específicas), as persoas aspirantes deberán presentar perante o Órgano de selección, na data de realización do segundo exercicio (probas físicas), **certificado médico** expedido en impreso oficial e asinado por persoa que teña a condición de médico/a colexiado/a en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO I das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

CHAMAMENTO E ORDE DE ACTUACIÓN

Para a realización do chamamento, a persoa aspirante presentaranse ás 11.45 horas do día 2 de febreiro do 2026 no Ximnasio do Carme – pavillón das Travesas, entrada pola rúa do Carme.

DNI

Para a realización das probas o aspirante deberá vir provisto do DNI.

INDICACIÓNS A TER EN CONTA POLAS PERSOAS ASPIRANTES – ROUPA E CALZADO DEPORTIVOS

Todas as persoas aspirantes deberán presentarse ás probas físicas provistas de roupa e calzado deportivos adecuados para cada proba.

Vigo, na data da sinatura dixital

A Secretaria do Órgano de Selección (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo
3503-232

Data impresión: 21/01/2026 12:04 Páxina 2 de 2
CSV: AEA3DC-D2CBB2-C9A98B-KMLS39-3RNJPD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>